

REITIFICACION HISTORICA?

Non escapa a ningún espírito observador, que as circunstancias políticas que se están vivindo en Galiza i-en Hespaña, dan a crara sensación de que nun tempo non lonxano, nin moito menos, os estamentos de poder da ditadura franquista entrarán de cheo no seu intre derradeiro de esnaquizamento e descomposición.

O sistema enteiramente represivo, artellado pra dar cumprimento a doutrinas filosóficas negativas, como tencionar aviver as revellidas tradicións da Hespaña imperial, detendo ó mesmo tempo o normal desenrolo do progreso, da cultura e das liberdades populares; vale decir, deter o curso da historia; ise imperio do mais cerril e pechado aousolutismo, onde soio o dictador, millor dito o "amo", ten dereito a dispor con total discrecionalismo de todo canto atinxe ó vivir: moral e material dos povos ibéricos, ven agora sendo combatido cada vegada con mais fermidume e determinación polos factores de poder que outrora lle serviron de alicerce e sostén.

A Irexia, un dos máis importantes instrumentos de mando da vida hispana o traveso dos séculos, que xogou todo o seu apoio na instauración da tiranía franquista, até o punto de permitir a herexia de que o déspota se proclamara "Caudillo de Hespaña pola gracia de Deus", có cal, o supremo creador, pasaba de feito por ser cómplice dos seus crimes e asoballos, paréz que quer agora trocar seus tradiciónais roteiros, e asegún as manifestacións dos seus prelados, "reificar catorce séculos de historia".

Serán as atuais autoridades aclesiásticas, capaces de trocar de raíz catorce séculos de desviación das máis puras esenciais do cristianismo e conquistar tan trascendental e histórica reificación pastoral, desbotando das suas prácticas toda atitude retardataria e a clásica histórica intolerancia tan cara á mentalidade do clero peninsular?

Se a Irexia hispana ha desenrolar unha acción positiva no proceso do porvir histórico, en contraste coa teimosa e fanática atitude tradicional, compre que o seu apostolado teña como xermolo potencial, as vivencias ancestrais, a cultura, o progreso e todo canto atinxe ó vivir dos países onde aixe, i-en vez de ser instrumento despersonalizador dos particularismos que os caracterizan, trocarse na forza mais aitiva e devandadora do seu arrequentamento i-exaltación.

Os nacionalistas galegos que vivimos en liberdade, i-en todo intre e lugar combatimos os atricos e asoballos do totalitarismo franquista, nos somentes porque ó ser o dictador nado na nosa Terra simboliza o arquetipo do antipatriotismo e da traición, recolleemos espranzados o mensaxe do Arcebispo de Granada monseñor Benavente cando di: "Cada vegada resulta menos tolerabel que os abusos do poder non poidan ser correxidos eficazmente e que os debles non atopen canles pra defender iles mesmos os seus dereitos". Como tamen as verbas do Bispo de Las Palmas monseñor Infantes Florido, cando manifesta acedamente que: "O desenrolo" e o "milagre dos nosos taumaturgos económicos" non poden facernos esquecer o estado de subdesenrolo en que se hacha a nosa economía. Traemos turistas extranxeiros —engade— importamos divisas, recolleemos o sobexo da fartura dos países ricos. Remesamos traballadores españois. exportamos a sua indixencia a sua der non merecida"... Asemade as expresions de monseñor Enrique Tarancón novo arcebispo de Madrid e Presidente da Confederación Episcopal quen manifesta dirixíndose ós seus diocesanos: "Que non represente a "ningunha autoridade humana" nin a "ningún poder social ou económico" e que por elo a ninguén lle pode estranar que sexa "a voce dos que non son escoitados".

Veleiqué exposta con baril craridade a postura antitotalitaria do máis prestixioso do Episcopado español. Somentes falta agora que iste exemplo non caia no valeiro, como aconteceu co de aquel gran patriota catalán, o ex Abade de Monserrat D. Aureli M. Escarret que se sentia capaz de se encarar coa tiranía centralista e proclamar que por riba de todo era catalán, e o clero galego sume tamen a sua voce en defensa das lexítimas reivindicacións do noso país colonizado polo centralismo de sequeiro. Non lle pedimos ós nosos cegos actitudes heróicas nin solucións salvadoras, pra erguer a Galiza do infra-desenrolo, da emigración, do aferollamento cultural, da marxinação económica etc., todo isto somentes pola acción do noso povo se ten de conquistar; mais conpre agardar que tal acción reivindicatoria, sexa compartida e apoiada polo noso clero, crevando de tal xeito a antinomia secular de oficiar na sua propia patria de servidores do cruel e bárbaro poder que a tiraniza.

O próisimo "Día das Letras Galegas" será adicado a Lamas Carvajal

Por decisión da Academia Galega, este ano, o 17 de maio "Día das Letras Galegas" tan gasalleiro o espírito do tódolos galegos amantes de sua cultura, será posto baixo a advocación do ilustre poeta ourensán Valentín Lamas Carvajal, un dos vates máis representativos da nosa lírica e que tan doadamente interpretou as arelas e o vivir do noso povo.

A feliz decisión da Academia Galega é todo un acerto a que sadisfai o pedido de varias entidades galegas da emigración, no senso de que tan preclara figura fose incorporada á nómina de quens tiveron xa a sua data adicada nesta efemérides literaria.

A NOSA TERRA

Año LIV

Buenos Aires, Marzo de 1972

Nº 517

O "MILAGRE" ESPAÑOL...

Resulta certamente indiscutível que o nivel económico da Hespaña atual tense elevado nos anos derradeiros até acadar un ritmo de desenrolo que contrasta coa dramática depresión das décadas recentes. Pra os que "viviron" polos anos de vixencia do racionamento, do estraperlo, da fiscalia de taxas e demais "regalias" xurdidas da mentalidade represiva da ditadura feixista, faise disculpabel que se sintan agora conformistas co "estatus" económico en que oxe viven; mais aínda se unha ben orquestada e teimosa coación propagandística, con tódolos meios de publicidade de que dispón o Estado o esta de cote afirmando.

Mais compre analizar se verdadeiramente se atopa a Hespaña atual no proceso de prosperidade económica que os taumaturgos da especialidade e o coro de voceiros das castes monopolizadas do poder nos queren facer creer.

Cando un país dispón dun sistema político afinado na libre vontade cidadán e pode ser forxador das institucións polas que se goberna, sin máis limitacións que as impostas polo respecto ás leis e o intrínseco común, onde se aproveitan de xeito racional e con senso da realidade circundante as fontes de produción, pra que rendan riqueza en beneficio da sua poboación, sin que ningún señor teña limitadas as suas posibilidades e aspiración ó disfrute da cultura, do benestar e de todo o que lexítivamente lle pertence, concordante co esforzo e a capacidade que cada cal sexa capaz de desenrolar; pode sen dúbida afirmarse que constituí unha nación libre e rica; Suecia, Dinamarca, Holanda, Bélxica, etc. etc., son exemplos que abundan para deixar doadamente demostrada a eixactitude desta afirmación. Nistes países existe un "orde" lexítimo, baseado no libre consenso da vontade cidadán, mais non é iste o "orde" que rexe na Hespaña franquista, onde constituí delitos graves tódalas tencións de exer-

cicio de dereitos cívicos" consagrados como lexítimos en tódolos países civilizados, punidos cos máis rigorosos e bárbaros xeitos de represión, onde o elemento humano non é un suxeito, senon un oxeto; unha mercancia que se "exporta" a troque polas divisas que a incapacidade patolóxica das castes monopolizadas do poder, non son capaces de fornecer de xeito máis humano e patriótico.

Unha das premisas básicas de todo desenrolo económico, consiste en fornecer bens cos que se poida obter un beneficio, val decir; que se poidan comercializar. En tal senso, Hespaña fica nunha liña de depresión endémica moi lonxe dende logo da gran maioría dos países europeos, porque a grandeira, prosperidade, ó tan cacarexado "milagre español", non é outra cousa que o reverter no seu proveito, do sobranste da fartura dos países ricos de Europa. Hespaña, ademais de "vender" os seus propios moradores pra desempeñar na emigración os máis duros e humildosos menesteres, vende sol e paisaxe, uns "produtos" que xunto coa man de obra indixena, que os ten de servir como en bandeira sae moi barato e pode doadamente ser mercado polo turismo; un "luxo" que poden darse precisamente os povos ceibes e progresistas.

Veleiqué algunhas cifras extraídas do "International Financial Statistics" tocantes ó comercio de exportación do ano 1970 dos principais países do concerto internacional, que amosan con nítida craridade o que hai de "milagre" na economía hispana:

No rubro mundial de exportacións, Hespaña ocupa o lugar Nº 21 con 2.337 millóns de dólares, despois de Hon-Kong, con 2.474 millóns; de Libia, con 2.513 millóns; de Austria, con 2.895 millóns; da pequena Dinamarca, con 3.279 millóns; de Polonia, con 3.375 millóns; e a unhas distancias siderais de Bélxica-Luxemburgo, que exportou 10.129 millóns; de Holanda, cuxa superficie vea sendo inferior á de Extremadura, vendeu 11.725 millóns;

ou de Italia, que con pouco máis da metade do territorio hispano, exportou 13.375 millóns de dólares.

Na comparanza coas nacións reitoras do comercio internacional, xurde que Hespaña exportou o 5,80 por cento do que vendeu Estados Unidos; o 7,98 % da Alemaña; o 11,80 % do Xapón; ó 15,58 por cento da Gran Bretaña; ó 14,46 % do Canadá; e ó 14,61 % da Franza.

..Se nos atemos á renda per habitante que disfroutan os moradores das nacións reitoras da economía mundial, atopamos que a situación da Hespaña corre parella na liña de inferioridade do rubro denantes asinalado. Asíñ ollamos que a renda per cápita do ano 1969 foi na Hespaña, de 51.897 ptas.; en Dinamarca, de 155.165 ptas.; en Finlandia, de 106.621 ptas.; na Holanda, de 125.792 ptas.; na Suecia, de 197.178 ptas.; en Suiza, de 170.095 ptas.; na Irlanda, de 63.870 ptas.; en Bélxica, (país coa mesma extensión territorial que Galiza) de 113.752 ptas.; en Israel, de 91.140 ptas.; na Austria, con 88.179 ptas.; e na Italia, con 87.741 ptas. países todos eles con menos extensión territorial a recursos potenciais que Hespaña, deixando de banda o análise comparativo coas nacións máis ricas, algunha das cuáis a renda dun español apenas chega a representar unha quinta parte da que eles outeñen.

Da mesma maneira, e recurriendo a mesma fonte de información poidéramos amosar outros aspectos do nivel de vida económico dos povos hispanos que, certamente, está moi lonxe de sere o ideal pra un territorio que, se no espazo interior é probe, conta no dintorno periférico, con zonas de outisimos recursos potenciais, atal o caso da Galiza marxitada, empobrecida, colonizada por un centralismo toupeño ó servizo dunha caste parasitaria, que foi, é, e será, incapace de superar a sua inutilidade patóxena pra fornecer progreso e benestar, o que somentes co seu total aniquilamento será doado conquistar.

O CENTRALISMO ESPAÑOL ASESIÑA OBREIROS GALEGOS

A opinión pública internacional ten sido nistes días conmovidá polas noticias que anunciaban que na cidade do Ferrol, os esbirros do totalitarismo franquista habian tirado a man salva contra unha manifestación de obreiros da empresa naval "Bazan" matando a dous e ferindo a moitos, polo delito de reclamar a reincorporación de seis compañeiros despedidos luxustamente e solicitar unha mellora dos xornales de fame que perciben.

Pra quens coñecen a filosofía, os ouxetivos e o "modus operandi" do aousolutismo centralista, os feitos acontecidos non poden de ningún xeito causar sorpresa; un réxime que afina o seu poder na ferreda represión dos máis elementais dereitos comunitarios e individuais das nacións e dos povos que moran no chan ibérico, é normal que proceda ta tal xeito cando hai alguén que se non resina coa escravitude que lle imponen. O totalitarismo centralista non ademite ningunha clas de rebelións nin reclamacións solo sometimento, obediencia, resignación; posto que sin a vixencia de tales condicións non podería perviver.

Máis velahi que os obreiros navais do Ferrol, á semellanza dos nosos labregos, dos nosos ma-

riñeros, de todo o povo galego traballador, non pensan do mesmo xeito e de maneira baril, caseque heroica, teñen azos pra se encarar valentemente co chumbo asesino dos fusis falanxistas, pondo o réxime ó descuberto perante a opinión pública internacional, unha "opinión pública" que procurou esquecer axiña a ourixen, o carácter e os ouxetivos reaccionarios do goberno centralista de Madrid ó servizo das castes cavernarias do aousolutismo español, dándolle cartas de presentación perante os orgaismos internacionais, cando o que cumpría era aplicarlle unhas medidas de profilaxia político económica que fixeran desaparecer o baldón que o franquismo representa na Europa de arestora democrática e progresista.

Os nacionalistas galegos da Capital arxentina, solidarizámonos acosamente coa baril rebelión dos obreiros do Ferrol, que demostran que pesa os anos de despotismo centralista e reaccionario, a conciencia de liberdade dos galegos segue viva e aituante, o que lle asegura ó noso país un futuro de liberdade e autodeterminación. Que mais tarde ou máis cedo terá de ser unha tangibel realidade.

REVOLDAINA

TODOLOS días a morte alanca violenta e tráxica polas populosas ruas de Londonderry e Belfast, a capital da Irlanda do Norte.

Enfrentamentos entre **Católicos** e **protestantes**; entre **católicos** e a policía e soldados do exército inglés de ocupación; bombas, incendios, destrución e morte, é a notiza cotián que nos fornecen as axenzas controladas polo imperialismo inglés.

Certamente, sería inxénuo aceptar que o problema da Irlanda do Norte, cinguese exclusivamente a unha mera **custión relixiosa** con algunhas implicancias de tipo económico-social preferencial próns "irlandeses" protestantes (Oranxistas) afectos ó goberno colonialista de Londres, xa que en realidade, o problema ten outras fonduras... pois trátase dun xurrido movemento nacionalista pra resgatar e integrar ó territorio nacional da Irlanda, a provincia do Ulster (13.517 Km.) que lle fora arrebatada polo teimudo colonialista imperio inglés, e que consta coa total adhesión moral da nación irlandesa, máis activa participación do lexendario clandestino Exército Republicán Irlandés, o mesmo exército de sacrificados patriotas que, alá polos anos vinte, moveulle violentamente o piso ó colonialista goberno de Londres, obrigándoo a ceder... xurdindo daquela, o Estado Libre de Irlanda.

MAIS FAGAMOS historia: No ano 1690, Guillermo de Oranxe invadiu Irlanda cun poderoso exército, pondo pé na rica provincia do Ulster, a que ó tempo ficou practicamente vadeira de irlandeses, aíal foi a matanza e o éisodo; e aqueles que ficaron no país, foron obrigados á servidume... e as terras repartidas entre os soldados invasores, gallo polo cal esta provincia irlandesa manteu deica hoxe, unha certa maioría de poboación de orixe inglesa e protestante, ou sexa: os descendentes dos invasores comandados por Guillermo de Oranxe, daí o seu apelativo de "oranxistas".

Trunfante Inglaterra en toda a illa na operación de invasión e conquista, impuxo ós seus moradores un bárbaro réxime de escravitude e aldraxe: foron desposuídos dos seus dereitos relixiosos (catolicismo) civís, políticos e económicos; as confiscacións en masa, arrebataron a propiedade das súas terras, e os agricultores tiveron que recoñeceren co no **proprietarios** ós señores ingleses, os que lle impuxeron fortes sumas polo arrendamento... Deste xeito, o campesiño irlandés só traballaba en beneficio dos seus **amos**, os odiados invasores ingleses.

Este réxime de escravitude, axiña levou ó povo irlandés a sufrir unha grande miseria. En vinte anos houbo catro longas **seiras de fame**... A desesperación fixo estourar a primeira **revolta campesiña** da Irlanda. Fatos de campesiños armados, atacaron ós "amos ingleses", salvándose só aqueles que poideron fuxiren do país.

A sortir dese intre, o heroico povo irlandés manteu-se en permanente loita desigual contra o teimudo e poderoso nemigo, pra conquistar a súa liberdade nacional.

No ano 1921, logo de violentas loitas os patriotas constituíron o Estado Libre de Irlanda —agás a provincia do Ulster, que se manteu baixo o imperio Británico— mais integrado á Comunidade Británica de Nacións, cousa que os irlandeses aceptaron contra a súa vontade, até que, vinte e oito anos despois, no 1949, esgazaban o derradeiro vencello que xunguia Irlanda ó seu histórico nemigo e asoballador, arredándose definitivamente da Comunidade Británica de Nacións ó se erixir en República independente.

CO QUE DEIXAMOS ESPOSTO neste sintético percorrido histórico, pomos de nota a longa secular esperanza de loita pola súa liberdade nacional do valeroso povo irlandés e, a afervorada arela dos ulsteriáns de liberar o seu territorio das geadas do colonialismo inglés, e integralo a Nai Patria Irlandesa.

Nesta rexa loita de liberación nacional, IRMANDADE GALEGA fidel ós **principios nacionalistas**, está a carón do heroico povo irlandés —o noso irmán ancestral— de rexeitar pra sempre ó invasor estranxeiro que damente séculos, asoballou o seu desenrolo nacional.

DE NOVO OS BASKOS estiveron na actualidade xornalística mundial co seu agresivo nacionalismo, creándolle ó franquismo problemas que, dada a súa criminosa acción represiva, endexamais maxinou defrontar.

Esta vegada, co gallo do sensacional secuestro dun ricaz industrial, as autoridades franquistas despois de moitos cabaldeos, víronse obrigadas a afociñaren perante as condicións esixidas pola E.T.A., organización de extrema esquerda baska, consistente entre outras cousas, nun sensíbel aumento nos magros xornáns dos obreiros da empresa do industrial de marras.

CERTAMENTE, sentimos unha fonda admiración polos patriotas baskos que loitan afiuzadamente pola liberdade nacional do seu país. E vivimos espranzados no prometedeiro abrente do día —que ha chegar, estamos seguros— en que o noso povo, conscente dos seus dereitos arrepoñeráse ós seus asoballadores, ós de dentro —os asimilados, que son moitos— e ó poder estranxeiro que ten sometido ó noso país a un réxime colonial infame, fechándolle tódalas fontes económico-sociais e de cultura, coutándolle o seu desenrolo; que **esporta** masivamente ós nosos homes e mulleres, como **mercancía barata**... ós países fartos do Mercado Común Europeu, pra logo lucrarse do seu sudado aforro...

Leorenzo Fragoze

ORACION DE MANOEL MARTINEZ LAMELA NO ENTERRO DE FAUSTINO REY ROMERO

De xeito inesperado, de resultas dun accidente, finouse tráxicamente nesta cidade o día 20 de nadal derradeiro, o sacerdote e poeta galego Faustino Rey Romero.

Meus amigos:

Outra gran figura galega ten o seu pasamento nas áreas lonxanas da emigración. Para os galegos, a verba pasamento é o doce tránsito da vida física á campa onde moran os que son pra nos lembranza.

Os luceiros que supoñen as vidas de tantos galegos mortos, teñen hoxe unha candelma máis...., chamada Faustino Rey Romero. Onte cheo de forza vital..., hoxe recendendo o seu fino espírito pra que esa Santa Compañía gloriosa de tantos galegos preclaros, sexa máis longa e máis esgrevia.

Este insime sacerdote que preferiu o pan acedo do exilio, diante que soportar ver lixada a súa dimidade humana, deixanos a pouco tempo da perda de outro irman, poeta como el, Avelino Díaz, facendo un oco que ninguén sabe como se poderá encher.

Quizaves nos non nos decatamos de canto perde Galicia con este fillo que se vai do seu colo matrilateral. Porque Faustino Rey Romero foi un poeta, un gran poeta, que soubo vivir no mergullamento tiebe, sutil, fermosa e pura como unha continuidade dos nosos gloriosos Cancioneiros..., e como el neste mundo de

desolacion e desencanto aínda poideran existir seres diafanos dispostos e embobrecer a vida..., axudando a todos a escapar un pouco a tantas magoas e tantas desesperanzas.

Rey Romero non sabía facer outra poesía que non fora aquela que era aceptada ó seu corazón de home limpo e inxel..., porque el non sabía odiar, non sabía terir... e non tiña na súa alma máis que a bondade do seu apostoliado pra espallar amor e benaventuranzas a todos os que de el dependían.

A súa obra e trasunto da súa personalidade. De sacerdote xunguido os máis caros anxeos do pobo pra o que pediu as bendicións do Ceo cando fixo que os mellores cantasen a El Señor en doces hosannas reveladoras da súa piedade e do seu amor pola carreira que escolleu e a que soubo darlle autenticidade como fidel servinte dunha Igrexa nova e asulagada de amor polos sufrimtos.

Nos choramos por el, pero Galicia enteira chorará máis aínda... por quen contribuiu a prestixiar os outros valores da nosa lirica..., merecendo a honra de gañar o primeiro "Pedron

de Ouro"... que está sempre reservado pra os galegos que máis fagan durante un ano polo prestixio da nosa Patria.

O Instituto Arxentino de Cultura Galega, que é como decir a colectividade da nosa orixe e os seus fillos arxentinos, rende aquí o seu máis tenro homaxe ó reverendo Pai Faustino Rey Romero, gloria das nosas letras, paradigma de permanente bondade dos nosos homes, exemplo fidel dos sacerdotes que nós precisamos e valor outo na calidade humana que os galegos temos.

Que Deus teña acollido a este fillo preclaro e que desbotemos de nós as bágoas pra cantar un xubiloso himno de gratidade a súa figura inmorrente que hoxe mora no Farnaso galego ficando a carón de tantos ilustres poetas nados na Nosa Terra.

Irman Faustino Rey Romero: Picas aquí lonxe da tua isorna nadal. Pero debaixo do teu cadaleito está a sevia nutricia da Terra galega que cimentou este lugar pra que nel durman o sono da eternidade os que como ti mereceron lonxe dos eidos nativos.

Que o teu sono sexa como a tua vida: boo e agarrimado.

UNIVERSALIDADE

Algunhas xentes que se gaban de ser universalistas, coídan que galeguismo e universalismo son dous conceptos antitéticos. Trátase, naturalmente, de unha afirmación meramente frívola, falla de toda formación e carente de calquera xeito de pensamento. O galeguismo, como outra forma de cultura dun pobo chantado no mundo, non se non se contradice co universalismo coherente, senón que forma parte dil, complementa a súa existencia nunha especie de simbiosis para o mútuo desenrolo.

O que ocorre é que, os tais universalistas, que teñen un concepto tan vago do seu universalismo, teñen o máis deplorable do galeguismo. Coídan que o galeguismo é, simplemente a esaltación rexionalista da gaita e o tamboril, a cántiga chocarreira, o pan de millo, o chauvinismo pedáneo das loitas parroquiais...

Non. O galeguismo —como denantes dixemos— é o produto da cultura de un pobo. Un produto político-social da cultura abandonada dun pobo que reclama o seu posto ó sol. Un vello principio programático do gale-

guismo, reza así: "Galicia célula de universalidade".

A cultura dun pobo é o esquema resultante dunha evolución histórica; é o resultado do desenrolo integral dese pobo, da súa potencia e cualidade, das súas ansias, da súa grandeza e miseria dentro dun determinado círculo; é o produto dun esforzo colectivo, acumulado no tempo e sobor dunha terra determinada. Emporiso, a cultura galega, na súa expresión político-social que chamamos galeguismo, é xa de por sí universalista, posto que está e existe agora e no mundo.

Somentes os retóricos poden ver unha antitesis entre o sentimento galegista e o concepto universalista. Retóricos que se deixan engaiolar, polo engado das palabras valedras, sen profundar encol da "praxis" que o concepto leva implícito. Os retóricos viven no mundo do abstracto das palabras, e lévanas como tatuadas na pel superficialmente. Os retóricos do universalismo —como lles pasa a tódolos iniciados nunha doutrina da que non teñen formación básica— quixeron someter a realidade á súa palabre-

ria, cando —isto é elemental— no mundo do pensamento coherente, é pola contra a realidade a que se produz, informa e conforma as ideas.

Iste universalismo utópico, que descoñeza a existencia das culturas minoritarias das nacionalidades abandonadas, quedase reducido a un pintoresco cosmopolitismo de tertulia de café, alleo as realidades profundas dos pobos.

Iste universalismo utópico, que cando é profesado por galegos incurre en flagrantes contradicións, como por exemplo, a de estaren aliñados en favor de certos países que loitan —incluso coas armas— pola defensa da súa personalidade nacional, da súa cultura, etc. e en troques descoñecen os dereitos asoballados da súa propia comunidade nacional. Sen sabelo, están defendendo o "galeguismo" de países alonzados dos que a penas saben ren máis do que din os xornáns; e en troques pñense en contra do galeguismo de Galicia.

Teremos que decir que a caridade ben enxergada comeza por un mesmo; e decir, comezando pola propia casa.

TOMAS FERNANDEZ

No derradeiro día de nadal p. pto. finouse nesta cidade logo dunha longa dorosa doenza, o noso benquerido amigo e hon galego Tomás Fernández

De moi xoven chegou a este país co seu homilde fardel de emigrante e un mangado de ilusións. Fixo as súas primeiras armas no comercio, amosando ponderábeis condicións nesta actividade. O tempo, ingresou nunha importante empresa comercial galega desta cidade, na que polas súas virtudes axiña acadou o posto de xerente de vendas no que se desempeñou damente moitos anos deica o intre mesmo en que a súa fatal doenza coutálle toda actividade.

Home democrata e de fonda emoción galega, cando a dramática guerra civil na Hespaña, actuou activamente no Comité Ourenseño Leal, patriótico organismo galego de axuda á República en loita desigual co totalitarismo franquista e os seus aliados e invasores nazi-feixistas.

Foi Segretario da Sociedade Cultural Nogueira de Ramuín, e formou parte do conxunto teatral da entidade.

"A Nosa Terra" faulle chegar a súa dona e familiares o seu pésame por atal irremparable perda.

Continuarase a edición da historia de Galiza

Unha medida de grande trascendencia pra cultura do País Galego fina de sere adoutada pola Xunta Directiva do Centro Galego de Bos Aires ó resolver ó resolver ó Instituto Arxentino de Cultura Galega que a edición da Historia de Galiza estexa a cárrago e por conta desa entidade.

Os dous primeiros tomos foron editados pola Editorial Nós, costeados polo nobre patriano galego don Manoel Puente, de inesquecibel lembranza. O terceiro tomo está xa en prensa e a súa edición fora disposta polo patriótico grupo denominado "Os de Sempre". A seña correspondente pra encetar a súa impresión, foi xenerosamente donada por don Santos Blanco, que atal feito entregou \$ 500.000, e o custe da impresión dos clisés estivo a cárrago dos fondos provincies de Correo da Galicia.

Pola importancia desta obra —que colle seis tomos máis— facía imposible a súa aparición nun prazo máis ou menos breve. Mais esta situación ficou superada coas medidas anunciadas, xa que representa a garantía de que este importante documento galego será editado totalmente manténdose a outa calidade dos tomos precedentes e coa necesaria continuidade.

A sensibilidade dos directivos da nosa entidade nai na emigración, pon de nota de como os galegos sabemos adoutar resolucións fundamentais cando nos enfreamos con cousas de atal importancia pra cultura galega.

O terceiro tomo, próximo a aparecer, contén o material correspondente á prehistoria galega en base ós traballos realizados por Florentino Cuevillas e que foron actualizados por Xesús Taboada Chivite.

FOI HOMAXEADO CASTELAO NO SEU XXII CABODANO

Co gallo de se comprir o día 17 de xaneiro p.pdo. o XXII cabodano do pasamento de Castelao, o Centro Galego lembrou con dous importantes e emotivos actos no seu homaxe: un, o domingo 9 de xaneiro no Panteón Social da Chacarita, que comentamos aparte, e o culto, o que estamos a comentar, a cargo do Instituto Argentino de Cultura Galega, levado a cabo o día 7 de xaneiro no salón que leva o nome do noso grande guiero, e no cal pronunzaron sendas conferencias os doutores Xermán Quintela Novoa e Fiz Fernández

Cun cheo total de público, abriu o acto o presidente do Instituto de Cultura Galega, señor Manolo Martínez Lamela, quen se referiu ós traballos reaizados arastosa pra se pór en marcha o devandito organismo cultural, informando, entre outras cousas, da iniciativa de creárese un Museo de Calcos, e a continuidade da edición da Historia de Galiza da cal lévanse editado dous tomos e terceiro está no prelo.

O termo das verbas do señor Martínez Lamela, o actor Fernando Iglesias transmitiu ó público asistente a emoción do poema de Cabanillas, "Na morte de Castelao", e a señorita Isolina Cordeiro, mesmo ó finar a súa conferencia o doutor Quintela Novoa, deunos o mensaxe lírico do fermoso poema de Valentín Paz Andrade, "Cando ti veñas polo mare", adicado a Castelao.

CONFERENZA DO DOUTOR QUINTELA NOVOA

Na unha terra, punta da Europa do Atlántico, que coma Bretaña, Irlanda, o país de Gales e Escocia, foi conquerida en remotos tempos e donde posteriormente asentouse un pobo que procedente da Europa Central, que con as diversas invasións e as xentes que ao percorrer dos séculos foron axuntándose, crearon naquela terra, un estilo e unha posición ante a vida e a natureza que deron xurdimento ás características culturais, mais que raciais, que a diferenciaron do resto dos pobos peninsulares. Nese conxunto de comunidades que formaron os pobos celtas, BREGAN representa a primitiva conciencia desta terra como "ser"

No medioevo, nos séculos XI e XII, Galicia xa había logrado seu ecumenismo, a través do culto xacobeo e pol-a plenitude da lírica galego-portuguesa, recollida nos cancioneros, cando contemporaneamente en Castela, escomezaba a abocorar a súa poesía épica. A nosa lingua, que coma dixo Castelao "é filia do latin, irmán do castelan e pai do português" dou orixe as primeiras manifestacións da lírica peninsular.

No final do medioevo, circunstancias políticas e clasistas, fixeron que os nobres galegos tomaran partido nun pleito dinástico, que xunguida a política centralizadora dos reis de Castela, conduxeron o drama da Froustera, no que Pardo de Cela foi un dos mais importantes personaxes, escomezando axiña o crepúsculo de Galicia no concerto dos pobos da Hispania.

No asentamento dos pobos celtas, que introduxeron o uso do ferro na nosa terra, BREGAN é o mito coma ficción histórica; na Galicia medieval no escomezo do seu crepúsculo Pardo de Cela é a lenda, que ten mais de maravillosa e transcendental que de rigorosamente histórica e na moderna renascença que apunta a unha nova Galicia plena e armonicamente xunguida con todos os pobos do mundo Castelao é un símbolo e unha permanente presenza.

Esas tres épocas poden considerarse fitos na nosa historia, que e coma decir fitos do drama do home galego. Carlyle referíndose a historia dixo "que era un drama grandioso representado no teatro do infindo, con as estrelas por candilexas e por fondo a eternidade".

Cumprese hoxe o vixésimo segundo cabodano da "partenza" de Castelao, e Galicia sigue cos seus problemas sin resolver, xunguida a un estado que se arrogou dende fai séculos o goberno a representación e a administración de todos os pobos da Hispania e hoxe como fai vintetés anos, a presenza de Castelao é un feito real, non sómentes na Galicia emigrada sinon no cerne da súa terra Nai. Seu espírito inmortal e a fonte donde todos os "bos e xenerosos" teñen que ir a saciar a sede de galegitude.

Na súa personalidade polifacética

CONFERENZA DO DOUTOR FIZ FERNANDEZ

"A primeira vez que falei en este Centro Galego, foi alo 1947. Era presidente da Comisión de Cultura do Centro Lucense, i en esa condición, xunguida grandemente numero de instituídos da colectividade en unha Comisión Intersocietaria que tiña por fin o espallamento das xestas patrióticas e dos valores culturais galegos. Foi en tal circunstancia que Alfonso Rodríguez Castelao, sempre preocupado por todo acontecer da colectividade, mandoume chamar. Conocímoo así, falando das cousas da terra, e coimemos en que o primeiro alto d' ista Comisión Intersocietaria, a súa pedra fundamental por así decir sería o homaxe d' un prototipo mártir da Galicia antérga. Así foi como escollímos a figura do Mariscal Pardo de Cela; de aquela Galicia feudal donde a Hispania toda era feudal e donde a Europa toda era feudal. Digo isto pol e discutido de súa peroxidade como representativo do feudalismo galego máis que do povo galego. Usándonos sómentes no senso histórico propio da súa época, buscádelo a faz boa da súa conduta política, tomamos qu' il representaba a inquietudanza da puxante barriela dos amores galegos por se non someter de fíxalos diante do centralismo que abocoraba xa con toda a súa crudeza. Así foi como estiven naquel xermen de que despois traduciuse en unha mais bauti representación da colectividade galega nunha entidade intersocietaria da cal me fun arredando, e cuyo actual froito podemos decir que é o puxante Instituto Argentino de Cultura Galega.

Co aseramento do genial artista que foi don Domingo Maza, nunca bastante ben lembrado, caíhouse isa praça de bronco que esta a o enstar no hall de Belgrano e Pasco, de xeito que dous simótipos quedaron imperecedeiros: son unha muller en forma de Victoria alada, mais decapitada... e unha serpe. A Victoria alada... mais decapitada, representa a personalidade galega; decapitada porque dende entón todo o mellor dos seus cerebros foi canalizado pra servir a outras terras e a outros intereses. E a serpe, simbolizando a tradición que sempre en Galicia estivo a o servizo dos intereses alicios á nosa terra, desde o tempo de Prisciliano, do Mariscal Pardo de Cela, desde os mártires de Carral, hasta os nosos días.

Así foi como coimoo a Castelao; e así foi como aceitein concurrense hoxe en este cabo d' ano. Como desde o seu pasamento en 1950, todos os cabo d' anos, o mais granado da intelectualidade, da cultura, do pensamento e do sentimento galego, estivo sempre presente pra lle adicar o seu homaxe. Penso eu que vir eiqui o cabo de ano de Castelao non significa vir a facer un enxuzamento, porque o enxuzamento do seu povo xa está feito d' abandono i escrito con letras d' ouro na súa historia. Tampouco coido que pode ser a miña presenza misión pra engadir a o que xa se feo dito do profundo estudo feito do seu carácter, do seu temperamento, da súa personalidade artística, ou da súa funcionalidad política. Somentes coido que a miña presenza eiqui é un exemplo da obriga que todo' os galegos cando son chamados teñen que decir como un soldado: ¡Presente!

Enton cabe ben ou mal, pero cumprir con esa obriga que temos todos os que aspiramos a honrar a os bos e xenerosos, erguendo todos os anos ben alto o estandarte político de "Sempre en Galiza", isa biblia galega que tantos anseios e que tantos sonos de ilusión despertara no mestre que hoxe lembramos.

Castelao foi un home universalista. Si ben o seu pensamento, poderíamos decir que estaba concentrado en unha rexión d' Hispania, a universalidade do mesmo ten as fondas raíces de todo o que se sinte fundamentalmente vencellado cas necesidades da esencia dos pobos.

Castelao foi primeiro un artista cos garabatos esbozados no Café Colon da súa Compostela

Na mañán do domingo 9 de xaneiro, e cunha nutrida concurrencia e representantes do Consello de Galiza, Irmandade Galega, Centros provinciais, Agrupacións pro Centro Galego e da Federación de Sociedades Galegas, tivo lugar no claustro do Panteón o homaxe que o Centro Galego de Bos Aires venlle rendendo a Castelao todos os cabodanos do seu pasamento, como ratificación de canto ele pra Galicia siñifica.

Unha gran oferenda froral pra coas cores galegas, e a escolta de enfermeiras da entidade, facían marco ó señor Edoardo Sanchez Millares a cargo de quen estivo a formosa oración cívica que a continuación reproducimos:

Donas e Irmans:

A nosa doce lingua ten unha verba chea de engado e simbolismo. For ela o tránsito vital pra os galegos, non é a morte. É solo un pasamento. E decir, un cambio que nos arreda da vida humana os que se foron pra os campos onde moran os antergos. Pasamento, non é mais que unha simples mutación que fai que entre nos vivan quens amamos, inda que non podamos velos na súa figura física.

Esos seres son os compañantes da nosa vida. Son os evocados nas grandes necesidades e os que nas festas de familia se lles reserva posto de honra os labores familiar.

Son os nomes familiares dos fogares galegos. Son os seus acentos e os seus ritmos e a quens esperamos ver cando o noso tempo chegue.

A eles está adicando o pensamento máis fondo cando o tanquer das campás das nosas igrexas nos metan ó recordo e a oración por eles.

Por eso, Galicia ten unha forteza que esta por enriba de todas as suas desgraças, e de cante se quixo asoballala. Porque as valendas que forman as suas defensas naturais contra todo intento de conexalala, teñen unha esterioización visible de todos os nosos mortos que nutren a nosa capacidade de loita e de defensa a espera da nosa redención social, política i económica.

Os osos e o sangue dos nosos antergos mortos pola liberdade e o dereito sementados e longo e á ancho da Galiza, son o basamento da nosa postura irreversible de defender sempre a patria contra quens a macoran e lixan. Dende os tempos das sagas celticas, esos dous elementos leiron facendo o humus nutricional que serviu de berce as ideas e de cadelite os tiranos. E por eso ninguén poido pisar o sagro chan da Terra pra aferrollala. Quén o intentou sucumbiu na tarefa. Galicia sempre foi a fragua en que se quemaron ambicións de dominio e crixol pra fundir todas as invasións facendoas mergullarse no total misterio da galegitude.

Galicia soportou todo. Mais era emerxidor indemne, porque o misterio da insoberabilidade consistiu en fechar o seu chan ós vans intentos de asoballala. Os osos e o sangue dos irmáns, no antergo, e a dos mártires de Carral e da derradeira masacre, foron, son, e seran áncoras fronte as tempestades capaces de afirmar a perennidade de Galicia e do galego.

Tamen en Buenos Aires, os homes bos e xenerosos que eiqui dormen, son bastión pra afirmar que o chan natal escapa ó ámeto xeográfico do noso entorno patrio. Eiqui, mortos ilustres foron terra a desfacer pra que os que acaron deles viven, podan sentir a queutura do seu mensaxe tenunco a fin de que nos teñamos conciencia fidel das nosas obrigas, i endexamais permitamos que o darense batallas por Galicia ela non saia vitoriosa de todas elas convertíndose en campaña mortuoria dos tiranos.

E a Terra Nosa fixose carne un día. Nela encarnou un home

de estudante. Castelao foi axiña un médico. Mais o verdadeiro Castelao agromou no seu xenio político.

Como médico tuvo a advantage de proqramar unha frase que xa é célebre, e que se ben parece mais pronta pro anecdótico, sin embargo leva dentro de si a categoría de sinal que vindica a barriela de pensamento de que sinte unha conduta moral e unha ética profunda na súa vida.

humoso que tiña de vir a padricular o evanxeo da esperanza e da seguridade da liberdade no futuro.

E logo de padricular deixando caí nove San Xobán, o seu mensaxe, vólto a súa orixe pra se afundir co sangue e os osos, que foron a súa xénese, e dormir e sono dos xustos na sagra compañía de quens son frol galega perene por canto pola Nai Terra fixero.

Ese evanxelista fai vintetés anos que xa é terra. Ese apostolo xa vive no mundo mistico das parabolas.

Ese profeta xa é realidade dos seus augurios.

Ese mártir é Castelao, calco calvario meirande, foi morrer lonxe da Terra, e cuyo sono semibargante, está aroldado polas cantigas murmurantes das preces de terra galega que o acompañan dende o seu pasamento. Tenos o doce consolo de telo entre nos.

Por eso pra nos está vivo porque sabemos que non morre quen e capaz de crear vida. E el sospe que quen crea en Galicia vivira, e el foi o primeiro crente, e nos seguimoo nesa creença.

E el e nos, azulagados na vida que é Galicia, vivíremos sempre, non soio mentres dure o noso vital vital, senon, logo cande fe nos terra, os nosos osos e o noso sangue, nos fundamos cos que deantes nos precederon pra formar o chan da Patria.

E sendo terra, humus nutricional das ideas e das libertades galegas, formaremos parte da Santa Compañía, na que xa está en Castelao e todos os demais galegos mortos en arume de santidade, tradición e lenda.

Seremos un mais, parte do todo, con Prisciliano, Eberha,

Orosio, Damazo, Pedro de Mezonzo, Isidoro, Rui Xordo, Pardo de Cela, Xelmirez, Andrade O Eó e todos cantos defenderon a Galicia.

Estaremos tamen, cos derradeiros mártires da nosa Patria, Os mortos en Carral, e os simbolizados por Alexandre Bóveda no derradeiro xenocidio levado a cabo contra a nosa Terra.

Porque o plebiscito dos mártires é a nosa meirande afirmación nacional. Esto dixo Castelao.

O tempo ratificouno.

Hoxe nós ó lle tributar o noso homaxe de recordo, lembranza que e tamen pra todos os mortos, ilustres e anónimos galegos que deron todo pola Terra Nai, decimnos co corazón abranco e con honra e de Fe.

Non morrerá Galicia namentres un solo dos seus fillos alente por ela e a defensa dos seus mortos, porque a forza que nos ven dos nosos antergos estará simbolizada nese solo galego que a defende.

El soio será o xeneral de exercito mais importante que pobo algun poida ter. O xeneral de quens esperan, fai cinco séculos, o renacemento das libertades perdidas e de afirmamento da soberanía dunha antérga nación.

Eiqui está quen foi exemplo, Eiqui nos, xuramos perante Castelao, paradigma de virtudes patrióticas, manter requentado e acceso o fogo da galegitude combatente.

Ese e o millor homaxe a el".

Máis encol da nosa lingua

por RICARDO FLORES

Se o galego e o portugués teñen constituído antigamente unha só e única lingua, e mantendo aínda agora casamente o mesmo vocabulario, resulta sorprendente a atitude de certos escritores galegos, ao lle viráren as costas ao portugués, ollando sómente para o castelán e tirando déle o "exemplo" das súas normas, con mentes de introducións no galego, as que non cadran por non se axeitaren ás características desemeillantes que posú a nosa lingua, propias tanto dela como da xeméa lingua portuguesa.

Copiar totalmente as regras estabelecidas no castelán e pretender aplicá-las ao galego, supón un groso erro, que non hai porqué cometelo, xa que tais regras desmedran o noso idioma, e cando temos na práctica solucións que se axeitan mellor e que conveñen máis, sen seren o mesmo alleias.

Se o desuso do circunflexo no galego, xa de uso tradicional nêle, fada que non do xeito amplo que ten no portugués, non ofrece algunha mellora, se non doa algo de vantaxe que se pode dicir que non, cabe perguntar: A que ben o querer desterrá-lo da grafía? ¿A que obedece esa teima?

Envez de propender a arredar o galego do portugués, o que cumpre é percurar de achegá-lo no máis posíbel, que non supón outra cousa do que achegar o galego a si mesmo, valendo-se do que tamén é da súa perlixza etimolóxica.

O galego, ao igual do portugués, posú vogais tónicas que lle fan mestre unhas regras especiais. Nunha e noutra lingua existen dous "es" e dous "os", un aberto e outro fechado, requerendo sinos gráficos que os distinguan. Polo tanto, ao galego é-lle necesario dous acentos, cando menos, o acento agudo e o acento circunflexo, có mesmo valor do que cada un deles ten no portugués. Pois os fonemas dun idioma non se poden deixar na escrita ás boas da adivinanza para o lector, senon que se deben prever, e á vez torna máis doado o ensino da lingua á xente estrana.

O acento agudo sinala a vogal onde se ten de apoiar máis a voz, e distingue tamén certas verbas que son iguais na escrita e con diferente significado; a pronuncia da vogal que leva este acento é de son aberto, sen contradicións, o que non é norma no castelán.

O acento circunflexo fêcha e alonga unha miíxa o son da vogal; completando a súa función semellante ao acento agudo. Como exemplo, ao final destas liñas publican-se unhas poucas verbas.

Máis dunha vegada escritores portugueses teñen-se ocupado en traballos xornalísticos deste mesmo problema lingüístico da nosa Terra, e por meo deles xa houbo quen nos suxeriu aos galegos unhas regras que poderían ser usadas no galego, regras non de todo clixidas ás que rexon no portugués, tendo en conta certas peculiaridades da nosa banda, que sen seren de moita fondeza, cumpre que sexan respeitadas.

Hai escritores galegos que se senten e se amosan de acórido con tal idea, que de chegar a se converter en realidade, ía ser de grande comenencia para o Galego-Portugués, como tamén particularmente para o galego, arrequeitando a transcendencia da nosa literatura, có gaño dunha vaxteza xeográfica moi considerábel.

E para os galegos que prefieren que a nosa lingua fique suxeita ás normas alleias e arbitrarias do castelán, veñen axeitadas unhas verbas do esgrevio portugués Teixeira de Pascoaes, as que vela:

"Náo há maior erro, que a pretendida substituição das qualidades proprias, por aquelas que admiramos nos outros povos".

Eis as verbas que se deixan anunciadas:

Céspedede. Terra con herba miúda.
Nébeda. Planta, especie de calamiña.
Pétala. Cada unha das partes da corola.
Trégola. Descanso.
Vértolax. Viramentos; telma.
Véspora. O día anterior.
Cóbrega. Pequena cobra.
Cóchegas. Sensación especial, acompañada de riso, cando a ún lle tocan nalgunha parte do corpo.
Cólica. Dór moi aguda do ventre.
Cónego. Coengo.
Tulé. Kogo de nenos.
Canté. Xa o crelo; madia leya.
Parqué. Chan de pedazos de madeira.
Cafés. Plural de café.
Cen-Pés. Insecto.
Chalés. Plural de chalé.
Pichés. Chover a pichés, moi forte.
Eivés. Da parte contraria.
Ereixó. Especie de filloa feita con masa e cocida acaron da pedra da lareira, moi quente.
Illó. Boédo; braña.
Torizó. Tirizol; tormelo.
Capitó. Especie de capa.

Bébedo. Borracho.
Lévedo. Fermentado.
Fêmea. Muller; animal feminino.
Pértigo. Maza que forma pacto do manllo.
Pésame. Espresión de pesar pola morte de alguén.
Têmpera. Acto ou efecto de dar tempero.
Códea. Casca; crosta do pan.
Cómara. Pequena elevación de terra arredor dunha leira.
Cóbedo. Cotovelo.
Fólego. Respiramento; azos.
Mercé. Dádiva ou paga de algo.
Porqué. Causa; motivo; razón.
Vosté. Voz de tratamento cortesan.
Cairés. Polo que ten poucas penas.
Cortés. Que ten cortesia; delicado.
Chinés. Natural da China.
Montés. Dos montes; bravío.
Pedrés. Apigarado de preto e branco.
Vigués. Nado en Vigo.
Acó. Aquí; no sitio ou lugar onde se está.
Aló. Alá; ao lonxe; noutro tempo.
Abó. Pai do pai de ún.
Trasabó. Bisabó.

Trunfou a Galegüidade en Caracas

Notízas de Caracas dan conta que foi resgatada a Hermandade Gallega das mans do franquismo, retornando ó vello da Democracia e a Galegüidade, que mesmo veu sendo o cuño da Galiza Emigrada.

Como decote ocorre nestes casos en que elementos dirixidos polo totalitarismo franquista arrepanaron o goberno dalgunha das nosas entidades, ó tempo, cando

son desprazados, as novas autoridades atópanse con verdadeiros desastres económicos e de todo tenor, que obrigan ás novas autoridades a tomar drásticas medidas pra voltaren á normalización.

O novo Concello Directivo da Hermandade Gallega degorámolle unha éisitosa xestión de goberno, a prol de contribuir na loita permanente e axexante pra defensa dos ideáis democráticos e galegos.

CONFERENZA DO DOUTOR...

(Ven de pax. 3)
cer. Castelao, así entronca a universalidade de esta reflexión ca universalidade do sentimento espallado no perfil psicolóxico dos seus dibuxos. Cada un deles dibuxos é unha trama inagotábel de profunda reflexión que pode ben se atopar en Galicia, máis pode ben tamén se atopar en moitos pobos. Cada un d' isos dibuxos ten a inqueñanza de quen sinte bulir no seu peito o sofrimento do desafortunado. De quen sinte bulir no seu peito o sorriso de mal colgado. De quen sinte

bulir no seu peito a doír do vencido. E por iso que o Sindicato de Mestres de Francia, perante un alto nacional, puxo no seu escenario aquél manífico dibuxo en homaxe de Alexandre Bóveda, que decía: "Non enterran homes, enterran semente" ou aquela: "A derradeira leición do mestre".

Tamén o enterro de Castelao non foi un enterro de un home: foi un enterro de semente. E esa semente é a que está xermolando a cotío, día a día según as noticias que nos chegan da terra.

FAUSTINO REY ROMERO

"CURROS ENRIQUEZ, POETA MARIANO". Con ista nova saíron á rúa os dous xornaes salmantinos, unha fría mañá do 1952, anunciando unha conferencia de Rey Romero no pazo de Anaya, Facultá de Filosofía e Letras, encol, nada menos, de quen o bispo de Ourens teimou botarlle a pauliña por mor dunhas poesías de "Aires da miúa Terra", esquecéndose de que tamén, ise "herexe", fixo un dos máis fermosos poemas relixiosos do mundo, "A Virxe do Cristal". Dun xeito lizgaíro e belido encaróu isa fetaca de Curros, a que, a máis dun timoroso desertor do sacho, alporizóu. Foi, sen dúbida, unha conferencia histórica, por a man de xente asistente, cousa non doada por as mañás, e porque, á saída xurdeu a idea de fundar o Centro Galego de Salamanca.

Il, tamén como Curros, arremetía contra a inxusticia, por aduñada que se presentase, sen importarlle ren a orixe. Ben o vemos na súa arquicoñecidísima décima "Burrísima trinidad" cando lla zampóu a un tribunal que, con aire paternal, teimóu darlle consellos sóber de cousas que non viñan ao caso. Camilo Xosé Cela, cando a ouviu, dixolle: "Escoita, si eu fose bispo, dariache a miúa da cadeira bispal, pra que te non meteses comigo". Chiste que malia a gracia lles causóu: a dous colegas seus, aos que, aínda hoxe, lles proe.

Verdadeiro apóstolo de Cristo, pois, por a súa humildá, tolerancia e xenerosidá, acadóu sonda dabondo que, até de Portugal, tamén acudían a il na percura da verba de Deus, da comprensión, da irmandá. Todo isto fol o fermento pra que a envexa, non a santa cobiza da superación, tratase de tirarlle o crelo diante do bispo de Tui, que un día, xa canso de escoitar arreo as linguas diaces, estouróu: "O único que sei é que agora se enche a irexa, cando davanti non ía niú unha ánima".

Home creador, tanto no campo lírico, onde ocupa un xusto lugar sobranceiro, como no espírioso da Filosofía, no que, segundo o cadeirado da Universidá de Toulouse, Alain Guy, a "Teoría General de la Existencia" de Rey Romero é preciosa, podéndoselle sacar, da súa lectura, un gran proveito espiritual.

Xornalista baril, que con xurdiñas razóns se non arredaba da verdá, por aceda que fose, consistente da misión esclarecedora do xornalismo, tal como no derradeiro artigo encol do consulado de España por certas normas anacrónicas, que aínda aplican.

Galego de lei, que aproveitóu todo intre pra facer a súa profesión de fe galeguista, calada, non algalleira, sin aturar a máis lena crítica que embazara a súa posición. Certa vegada, unha vella coitada e cangada de anos láíuselle: "Padre, parece mentira que usted que lleva tantos años en la Argentina y, aún, no habla español", e comentaba Rey Romero: "¡O que máis me doí é que mo dixera unha gelega!".

Se ben é certo que morréu na preñitá da súa vida, cando moito máis se esperaba díl, a máis da súa cabaleira labouira, ficán díste honra ínxel, como os nenos, as anécdotas, que, igual as doas de vidro, se poden ir enfiando pra conquistar una verdadeira biografía díste moderno cura galego, que dese servir de exemplo pra moitos, deixando tamén un ronsel con embranzas dabondo, atelgadas de sabencia, que marcan un vello de arelas galeguistas, que un día, non lonxano, cumprido tin terán, de acordo ao seu anxeito.

V. F. G.

Esa semente é a que vemos proliferar a cotío eiqui en medio de todos os aitos patrióticos e culturais de lembranza dos valores inmorredoiros da nosa estirpe.

Castelao decía que un home que tena fe no ideal que propaga non debe resignarse a morrer sin veto realizado, a non ser que morra en loita pol' o seu ideal. E así morreu. Así inteiro d' espírito anque desteito o seu corpo por unha doenza irreparábel cumpriu

A NOSA TERRA

Año LIV Buenos Aires, Marzo de 1972 N° 517

ATAQUE ARBITRARIO EN "FARO DE VIGO"

Na páxina literaria de "Faro de Vigo" con data 12-9 do 71, co gallo de se comentar o libro de Xohana Torres, "Adiós, María", comeza así o autor da nota: "Adiós, María", como é sabido, outivo o Premio Galicia pra novela, do Centro Galego de Bos Aires. Unha das contadas veces que a Galicia emigrada fixo algo —aunque ben pouco é— pola Galicia que aínda se mantén eiqui".

Certamente, non sabemos ben, que mosca lle picou ó autor da nota, pra ataque tan gratuito e fóra de lugar... contra a Galiza emigrada.

De calquera xeito, cuidamos de boa fe, que todos e cada un dos que estamos no facer patriótico, tanto os da emigración, como os do interior, temos conciencia de que sempre é pouco o que lle damos, o que lle entregamos a nosa probe desvalida Galiza pra resgatala da súa magoante condición de colonia... E non é cousa de nos pór agora a percurrar culpábel fóra da casa... pra xustificar situacións, xa que entendemos que, as solucións ós problemas do noso país han xurdir dentro do país mesmo.

Unha cousa que non aclara o autor da nota —e nós teríamos curiosidades por sabelo— é en que senso, ó seu ben entender, a emigración "fixo tan pouco"... por Galiza.

¿Eie retirárase a que a emigración non abriu xenerosa a súa bolsa...?

Desgraciadamente os nosos ricos, en xeral, careceron da necesaria emoción galega como pra tal xenerosidade... Nembargante, sempre houbo —e hai— homes que se distinguen pola súa sensibilidade e patriotismo. Don Manuel Puente, ponamos por caso, Sen ele, "As Cruces de Pedra na Galiza", se non houberan Publicado. E a moimental Historia de Galiza (2 tomos. O 3º e os se-

guintes tomou nos 6 seu cárego de publicación o Instituto Argentino de Cultura Galega, do Centro Galego) están aí a xustificar a sensibilidade galega deste patriota recentemente desaparecido; e fatos de patriotas, non xustamente ricos, máis que co seu xeneroso aporte persoal posibilitan a publicación de libros galegos.

¿I en canto a Galiza, os seus ricos homes —comerciantes, inabriron algunha vece a súa bolsa pra axudar o noso desventurado dustrías, etc.— que se saiba, pais, do cal viven e medran... a saire da súa deprimente situación de colonia?

A Galiza emigrada señor comentarista xamais foi insensíbel ás paulinas que sofre a nosa Terra.

Cando a enxurrada da guerra civil atogou en sangue os nosos mártires contando todos os camiños da nosa liberación nacional e a Patria ficou orfa e muda... a Galiza emigrada (a Galiza Ideal, dexergada por Castézo) recadou con man firme as bandeiras patrias, refugando publicamente a barbarie franquista, realizando aheito, actos patrióticos de afirmación democrática e galega; publicando periódicos e revistas, editando libros, instituíndo premios literarios, etc., teimando empecer deste xeito, se trouzara a continuidade cultural e de afirmación nacional do povo galego. E soubo acoller no seu seo con agarimo e admiración, ó meirande home civil de Galiza, Castelao, facendo posíbel que continuase eiqui, na emigración, a súa grande orientadora obra cultural e política.

"SEMPRE EN GALIZA", foi un dos seus orientadores mensaxes: coele o Povo Galego recobrou a súa memoria...

Revista "Galicia" do Centro Galego

Safu do prelo o N° 533 de "Galicia", revisa bimensual do Centro Galego de Bos Aires correspondente a xaneiro-febreiro derradelros, traguendo un nutrido e calificado material literario e de cotlán problemática galega, que fan desta entrega, mesmo que ven ocurrido desde a administración da entidade colleu de novo o vello da democracia e a galegüidade, de grande intrés prós lectores que se intresan polos problemas económicos-sociais e de cultura, do País Galego. A tapa a toda cor, aparez coa imaxe do ilustre poeta de Calanova, Curros Enríquez.

Enceta o sumario, con xurrido editorial no que se pon de nofo as causas que orixinan o milagre do Centro Galego de Bos Aires. Séguelle "Terra de Verín", de Xosé Taboada; "O Códice Calixtino", por Xoán Ramón Díaz; "Raias folclóricas en a obra de Rosalía Castro", de Xoán Naya Pérez; "O Dereito en Galiza", por Sebastián Martínez Risco; "La Galiza en su origen", coa reprodución dunha famosa gravura francesa do século XII, no cal ólase un pegureiro portando unha galta que seméllase talmentes ca denominada Galega; "O Códice

Calixtino", documentado traballo de Xesús Precedo Lafuente, ilustrado coa primeira páxina do famoso Códice Calixtino na que enceta a carta - limiar - do Papa Calixto II; "Notas ao marxe da Historia", de Manuel Prieto Marcos o notábel poeta-musicólogo tudense finado na emigración; "A Ruada", por Leandro Carré; "La casa coruñesa de los ascendientes de Simón Bolívar", de Martín de Sesamo; "Hacia una síntesis de la Pintura Gallega", por Fernando Mon; "Enamuscron os mestres de Rei Romero", emzoada nota de redacción encol do sacerdote-poeta finado tráximamente nesta cidade; "Otra injusticia con la Tierra Gallega", de X. Alonso Abui; "Galicia 1809", por Luis Mouré Mariño; "Pasión y muerte de Castelao", patética crónica do desenrolo da doenza deica a súa morte, de Castelao, no Sanatorio do Centro Galego, polo doutor Miguel F. Pastor; "Escaparate Bibliográfico", por V.L.M., no que se analizan con agudo espírito crítico os derradelros libros do acontecer editorial galego. E reseña dos actos en lembranza de Castelao.

Notas e comentos de actualidade relativos á entidade.

co exemplo o que había escrito ca pluma.

En fin señores, pre rematar este brevisimo homaxe do meu corazón a Castelao lembrarei un dos máis belidos parrafos de seu pensamento. Decía o mestre: "Declaro que nacer, vivir e morrer n' unha mesma terra é a sorte maior que se lle pode dexegar a unha criatura, máis a condición de que na terra nativa haxa xustiza, pois sin eso, tamén hai desterro no propia patria".

Iste é pre min un dos máis felices e breves discursos no que se pon de manifesto todo un tratado de antropoloxía, de ética, de filiosotía, de moral, de política, en fin de dimidá humana. I en Galicia ese pensamento, esa idea, ese sentimento, está no berce mesmo da nosa tradición e da nosa sensibilidade de pobo diferenciado. Quen tal así o sinta estará sempre presto pre berrar diante dos seus irmáns na Patria Gallega; ¡irmáns: A Nosa Terra é Nosa!"